

O PANORAMA TEATRAL DE FINS DO S. XX E COMEZOS DO S. XXI

O teatro foi o xénero que menor grao de desenvolvemento acadou dentro da nosa literatura. Durante esta etapa continúaase co proceso de normalización da escenografía galega, que non ten tanta eclosión coma os outros xéneros literarios. Non obstante, vanse producindo avances importantes, como a progresiva **profesionalización dalgúns grupos** (Antroido, Troula), **a aparición doutros** (Teatro do Atlántico, Chévere ou Teatro do Morcego) ou **a fundación do Centro Dramático Galego**. Non se poden esquecer as **convocatorias de premios** como o Álvaro Cunqueiro e o Rafael Dieste ao tempo que se poñen no mercado **coleccións teatrais** como Biblioteca Arlequín e os Cadernos da Escola Dramática Galega. Proliferan nestes anos as **edicións de monografías dicionarios e estudos**, as revistas de información xeral e crítica sobre teatro (*Revista Galega de Teatro*). Non son menos importantes a apertura de **novas salas teatrais** tanto públicas como privadas (Sala Nasa en Santiago).

Se a xeración anterior tiña como referente a Mostra de Teatro de Ribadavia e o Concurso de Teatro Abrente, esta está moi condicionada pola posta en marcha do **Centro Dramático Galego**. Con esta iniciativa da Administración déuselles aos dramaturgos galegos a posibilidade de poderen representar as súas pezas cunha posta en escena ambiciosa e a través dun circuito e dunha compañía estables.

O teatro actual caracterízase por catro liñas perfectamente delimitadas: **a crítica** (baseada no humor e a sátira), **a irónica, a lúdica e a culta** (baseada na técnica do teatro dentro do teatro). Outra das características do noso teatro é a intertextualidade, son moitas as pezas que adoptan como referente as grandes obras do teatro universal.

1. A promoción dos 80

Constitúen esta promoción un grupo de autores nados nos anos cincuenta (Xesús Pisón, Suso de Toro, Manuel Guede, João Guisam,...) que comparten características como o desencanto fronte a utopía das esquerdas; a importancia do individuo, do subxectivismo e individualismo; a defensa do espazo urbano; a incorporación do humor, o onírico, o irracional e o inconsciente; unha preocupación pola intertextualidade e a forma teatral.

2. A promoción dos 90

Agrúpanse nesta denominación autores nados nos anos sesenta e que comezan a publicar nos anos noventa: Cándido Pazó, Henrique Rabunhal, Lino Braxe, Xavier Lama, Manuel Núñez Singala, Raúl Dans, Miguelanxo Murado, etc. Participan nos **Premio de Teatro María Casares**, de periodicidade anual, creados en 1997 para fsevir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral. Todos os anos celebran un acto que serve de promoción da actividade teatral. E comparten características como : unha maior preocupación pola dimensión formal; a exploración de novos subxéneros e estéticas (como sucedía na novela da mesma época; a vontade de xerar unha liña teatral propia e de manter a continuidade creativa; e a intención de facilitar a conversión dos textos literarios en textos escénicos.

Candido Pazó, destaca como dramaturgo, director, actor, narrador oral, guionista para televisión... Escribiu Raiñas de pedra, O bululú do linier , Ñiquiñaque e Binomio de Newton, nas que combina a actualidade social galega coa ironía e co humor. Recentemente publicou : Demolición, A casa do avó e Ra Ra Ra (as tres no 2014) Publicou teatro infantil, como a peza para monicreques O merlo branco .

Raúl Dans, trata como temas centrais o mundo rural, o urbano, e a identidade do ser humano e o seu papel na sociedade en que lle toca vivir.(Estrema, Matalobos). Compaxina o seu labor tetral coa doblaxe e e a escrita de guiños televisivos (*Pratos combinados*, *As leis de Celavella*...). No 2020 publicou dúas obras de teatro: Historia dunha descoñecida e Só un home bo.

Non podemos esquecer autores tan importantes como Henrique Rabuñal, Miguel Anxo Fernán-Vello, Lino Braxe... E o labor das compañías teatrais profesionais e afeccionados que enchen os escenarios galegos coa representación das pezas destes autores galegos mencionados e de moitos outros. Tampouco se pode esquecer o papel de moitos centros educativos que crean grupos teatrais máis ou menos estables e que infunden nos mozos galegos o interese e gusto polo teatro e pola representación.